



RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECLARACIÓN DE TRES DÍAS DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DE D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000993

ANTECEDENTES:

Tendo coñecemento do falecemento de **D. Ramón Ramiro Vigo Sambade**, quen desenvolveu unha dilatada traxectoria de servizo público no Concello de Cee e exerceu como alcalde deste Concello.

En consideración á súa traxectoria ao servizo deste Concello e como mostra institucional de respecto e pesar polo seu falecemento, considérase procedente declarar loito oficial e trasladar as condolencias da Corporación municipal á súa familia e persoas achegadas.

No exercicio das atribucións que corresponden a esta Alcaldía, **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar tres días de loito oficial no Concello de Cee polo falecemento de D. Ramón Ramiro Vigo Sambade, exalcalde do Concello de Cee.

Segundo. Durante os días de loito oficial, as bandeiras dos edificios municipais ondearán a media hasta, como mostra de respecto e pesar.

Terceiro. Trasladar, en nome da Corporación municipal e da veciñanza de Cee, as máis sentidas condolencias á súa familia e persoas achegadas.

Cuarto. Dar publicidade á presente resolución a través dos medios municipais e dar conta dela ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]